

ANÁLISE DA OBRA DE LOMBORG, SIMON, SALA-MARTÍN E OUTROS SOBRE O CATASTROFISMO ECOLOXISTA

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ
Departamento de Socioloxía
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 15 de outubro de 2002

Aceptado: 25 de novembro de 2002

J.M. Keynes: “*Os economistas deberían ser como os dentistas, uns profesionais que se preocupan de facer ben as cousas, con eficacia e humildade*”, en *Essais in Persuasion*.

O libro *O escéptico ecoloxista (The Skeptical Environmentalist*, da Cambridge University Press, 2002) máis de 500 páxinas, do danés Lomborg, profesor de estatística da Facultade de Ciencias Políticas da Universidade de Aarhus en Dinamarca, tivo un grande éxito na súa versión inglesa e xa leva vendidos máis de 100.000 exemplares. E iso que se trata dunha ampla e rigorosa análise estatística de moitas páxinas sobre importantes problemas ecolóxicos e ambientais (catástrofes demográficas, aumento da fame e da pobreza, aniquilación dos bosques, biodiversidade gravemente ameazada, contaminación do ar, requeñamento da terra, etc.) que afectan ó mundo e sobre os que diferentes grupos ecoloxistas, forzas políticas verdes, medios de comunicación, movementos sociais como o antiglobalizador, etc. veñen anunciando case o sinistro total, a sinistrose máis absoluta, a apocalipse ambiental.

Esta obra, escrita en danés, foi traducida ó alemán, ó inglés, ó islandés e ó sueco, e sairá en breve en italiano, en xaponés, en portugués, etc.

1. ¿COMO CHEGOU ESTE PROFESOR DANÉS, EX-MILITANTE DE GREENPEACE, A CAMBIAR COMPLETAMENTE AS SÚAS HIPÓTESES?

¿Como chegou Lomborg, vinculado á organización ecoloxista Greenpeace e máis ben de esquerdas, a cambia-las súas formulacións ecolóxicas? Pois fíxoo desde a súa militancia ecolóxica, pero tamén desde a súa honradez intelectual. Explícao no seu libro: nunha librería de Los Ángeles púxose a follea-la revista norteamericana *Wired*, na que o economista norteamericano Julian L. Simon declaraba que a maioría dos coñecementos ambientais sobre asuntos ecolóxicos se basean en prexuízos, en datos incompletos cando non falsos.

Na dita publicación Simon afirmaba que para verifica-lo que dicía abondaba con consulta-los datos, as estatísticas máis acreditadas internacionalmente e que están ó alcance de todo o mundo.

Julian L. Simon (1932-1998), profesor de *Business Administration* da Universidade de Maryland (EE.UU.), entre outros moi importantes centros americanos (Harvard, Chicago) e europeos nos que deu cursos, foi un grande economista liberal que publicou as seguintes monografías: *The Effects of Income on Fertility* (1974); *The Economics of Population Growth* (1977); *Research in Population Economics* [ed.], 4 volumes (1978, 1980, 1981, 1982); *The Ultimate Resource* e *The Ultimate Resource 2* (1981, 1996); *The Resourceful Earth: A Response to the Global 2000 Report* (1984), editado con Herman Kahn; *Theory of Population and Economic Growth* (1986); *Effort, Opportunity and Wealth* (1987); *The Economic Consequences of Immigration to de U.S.* (1989); *How do Immigrants Affect Us Economically?* (1985); *Population Matters: People, Resources, Environment, and Immigration* (1990); *Population and Development in Poor Countries* (1992); *Good Mood: The New Psychology of Overcoming* (Perú, 1993); *Resampling: The New Statistics* (1993); *Scarcity or Abundance? A Debate on the Environment* (1994), con Norman Myers; *The State of Humanity* (1995); *Immigration: The Demographic and Economic Facts* (1995); *Against the Grain: Economic Essays of Julian L. Simon*, 2 volumes (1996); *Modern Readings in the Economics of Population* [ed.] (1997); *Classical Readings in the Economics of Population* [ed.] (1997); etc.

Publicou tamén numerosos artigos científico-profesionais, amais de artigos e colaboracións en xornais e en revistas de divulgación xeral, popular (*The Wall Street Journal*, *The New York Times*, *Readers Digest*, etc.).

Nunha boa parte das súas publicacións científicas, profesionais, de divulgación e populares dedicouse a rebater con numerosas estatísticas, gráficas e demostracións científicas as hipóteses de apocalípticos e pesimistas varios que viñan/veñen anunciando a fin do mundo, a fin dos seus recursos, a catástrofe demográfica, alimentaria, enerxética, climática, etc.

Simon foi conferenciante, xunto con outros grandes liberais, na liberal sociedade de *Mont Pelerin* da Universidade de Cambridge, onde impartiu unha conferencia co significativo título *As falsas ameazas con respecto ós recursos e á poboación*.

En 1980, Simon fixolle unha famosa aposta a Ehrlich, profesor da universidade californiana de Stanford: apostoulle que o prezo de cinco recursos naturais calquera caería nun período de dez anos. Ehrlich aceptou a aposta e en 1990 tivo que pagala, pois na revista *Science* Simon desmentiu con todo tipo de datos e estatísticas o esgotamento de recursos que auguraba Ehrlich.

Como escribiu Ben Wattenberg en *The Wall Street Journal* sobre este autor: “*Simon raramente dicía algo que non estivese apoiado en feitos; feitos xerarquizados para enfrontarse ás críticas que lle facían; feitos sobre as selvas e os alimentos, a contaminación e a pobreza, a enerxía nuclear e os recursos non renovables; feitos que utilizaba como soldados para combater en nome da verdade. Se Malthus está no ceo, que se prepare para unha discusión amparada con feitos, feitos e feitos*”.

Con Stephen Moore publicou *Cada vez mellor. As 100 maiores tendencias nos últimos 100 anos*, onde demostran mediante gráficas e cadros como melloraron as cousas. Simon levou a cabo estas análises empíricas e outras do mesmo teor baseándose no demógrafo e grande economista Simon Kuznets¹ e mais no economista Richard Easterlin que traballaron con series de datos dun século.

A coñecida revista económico-empresarial norteamericana *Fortune* nomeou a Simon entre as 150 mentes máis capacitadas do mundo dos anos noventa.

En 1997, na revista californiana *Wired*, Ed Regis publicou un amplo artigo sobre a personalidade e a obra de Simon que causou un amplo impacto, pois en pleno *boom* dos ecoloxismos e das súas catastróficas previsións, Simon, referíndose como sempre ás estatísticas públicas máis recoñecidas internacionalmente, desmentía unha por unha as súas principais previsións apocalípticas.

Lomborg, como xa dixemos, cabreouse moitísimo ó ler esta revista. Subíase polas paredes ante o que el consideraba absolutas provocacións de Simon. A partir de aí constituíu un equipo cos dez mellores estudantes do seu centro co fin de refutalas teses do profesor Simon².

Para iso, o primeiro que fixo Lomborg e o seu equipo foi reuni-las estatísticas máis solventes dos organismos científicos internacionais máis prestixiosos e que están a disposición do público. España (e aínda máis Galicia) ten un grave problema nas súas bibliotecas universitarias, nos centros de investigación, nas administracións e centros públicos, etc., ó poñer (cando o fan, pois en moitos casos conseguílos datos estatísticos custa moito) a disposición dos usuarios escasas estatísticas e de moi difícil acceso, localización, consulta, etc.

España está moi á cola internacionalmente na produción, divulgación e facilitación de estatísticas de múltiples campos e sectores políticos, electorais, económicos, empresariais, comerciais, educativos, universitarios, científicos, culturais, sociais, etc., ó carecer de series completas e de estatísticas diversificadas, solventes e fiables en diversos campos e ó non facilitalas en múltiples soportes e puntos de forma rápida, cómoda e competente ós investigadores, ós estudantes e ós estudiosos, ós empresarios, ós profesionais, ós emprendedores, ós comerciantes e ós interesados en xeral. Ademais, debemos saber que son fundamentais –sempre e cando estean elaboradas de maneira solvente, estean ben difundidas, se acceda moi facilmente a elas e sexan suficientes, é dicir, que abarquen tódolos sectores vinculados

¹ Profesor da Universidade de Harvard e premio Nobel de Economía en 1971 polas súas análises da estrutura económica e social en relación co desenvolvemento. Véxase a súa obra *Economic Development, the Family, and Income Distribution, Selected Essays* (1989, 2002), publicada postumamente e na que se presenta unha selección das súas principais análises. O prefacio fano Louis Galambos e Robert Gallman, e levan a cabo comentarios á súa obra Richard A. Easterlin e o premio Nobel de Economía de 1993 –xunto con Douglas North– Richard W. Fogel, ámbolos dous pioneiros no campo da “nova historia económica” ou “cliometría”.

² Este é un excelente labor, unha grande iniciativa que deberían imitar e levar a cabo os estudantes serios, individualmente e en equipo, para verificar empiricamente o que hai de certo no que lles din os profesores e os investigadores na universidade, nos institutos e nos centros de investigación, no que lles din, en publicacións varias, os políticos, os expertos, os economistas, os empresarios, os científicos, os profesionais, os intelectuais, os analistas e colaboradores mediáticos, os líderes, os representantes de diferentes movementos sociais, as fundacións, os organismos nacionais e internacionais, etc.

co desenvolvemento sostible, co progreso humano– para desenvolverse nas mellores condicións, con máis rigor, con información veraz, solvente, suficiente e regular, con moita máis transparencia, etc.

Logo de traballar duramente co seu equipo, Lomborg, en lugar de ver confirmadas as cifras e as hipóteses ecoloxistas nas que el cría e defendía ata aquela, tivo que rexeitalas por falsas e por incompletas, por ser demagóxicas, por estar cargadas de todo tipo de prexuízos, como viñera defendendo e demostrando con rigor e solvencia Simon. Lomborg tivo que recoñecer que non só o mundo non ía tan mal ecoloxicamente senón que, incluso, a súa situación tendía claramente a mellorar.

Analicemos algún dos asuntos tratados por Lomborg no seu libro *O escéptico ecoloxista*, algunhas das catástrofes ecolóxicas desmentidas nesta publicación de forma empírica, fundada, rigorosa e documentadamente.

2. SOBRE O ESGOTAMENTO DOS RECURSOS NATURAIS: MINERAIS, ENERXÉTICOS, ETC.

Pensemos na teoría que vén afirmando que os recursos do planeta se esgotan. Na antigüidade xa se dicía que as minas de cobre e de estaño se esgotarían. Nos anos setenta o Club de Roma lanzou a súa famosa teoría do “crecemento cero” e deixou escrito que non se atoparía máis ouro a partir de 1981, nin prata nin mercurio a partir de 1985, nin máis zinc a partir de 1990. Pero non só o Club de Roma, coa súa impresionante obra *Alto ó desenvolvemento* (1972), se manifestou tan catastrofista sobre a desaparición dos recursos, senón que moito antes (en 1914) o Departamento de Minas dos Estados Unidos sinalou que en dez anos se acabarían os recursos petroleiros.

Cando unha predicción deste tipo era desmentida polos teimudos feitos, pola realidade pura e dura, xurdía outra igual ou peor alimentada por diferentes traficantes de sonhos, salvacións, utopías, quimeras, paraísos, liberacións, fins do mundo; por engraxadores, por xestores de medos, terrores e cataclismos; por anunciadores de apocalipses, desastres, pragas, sinistros e calamidades sen fin.

O economista Simon desmentiu este catastrofismo e, como bo economista liberal, lanzou o seguinte desafío económico en 1980: “*Se os recursos se volven raros, escasos, o prezo destes subirá moito. Eu digo que os recursos son máis abundantes ca nunca e que os seus prezos van baixar*”.

Catro universitarios da universidade californiana de Stanford –entre os que estaba Ehrlich–, especialistas en medio ambiente, asumiron o desafío de Simon e, fronte ó que este dicía, fixeron as seguintes previsións: dixeron que o cromo, o cobre, o níquel, o estaño e o tungsteno subirían durante os dez anos seguintes. Os profesores universitarios ecoloxistas da prestixiosa Universidade de Stanford perderon en toda regra: todos estes minerais baixaron; o estaño incluso caeu un 74%.

Lomborg, xunto ó que estableceu Simon, engadiu que sucede o mesmo con outros produtos: co petróleo, co algodón, co azucre, co café, cos fosfatos, etc. En re-

lación co petróleo, a tan cacarexada penuria non é para mañá debido, entre outras cousas, ós progresos científico-técnicos. Ata non hai moito pechábanse pozos nos que quedaba petróleo. Perdíase o 60% do petróleo da capa existente por non sabelo extraer. Os avances técnicos permitiron recuperala metade do petróleo que se perdía.

Ó mesmo tempo, cómpre constatar que os coches e outras máquinas consomen moito menos petróleo e son menos contaminantes. Incluso os norteamericanos, que teñen unha gasolina barata e uns coches moi grandes, percorren máis do dobre de distancia, por litro de gasolina, que hai vinte anos. Sobre a culpabilización do coche que fan os ecoloxistas, Lomborg di que tampouco se cometeron tantas parvadas neste sector.

As calefaccións son moito máis eficaces, as lavadoras aproveitan moito máis e mellor os recursos enerxéticos. Incluso se estudiou que se un día faltase o petróleo se refinarían as lousas bituminosas, o que aseguraría o consumo do mundo ó ritmo actual durante cinco mil anos máis. Nun prazo de vinte anos os custos de produción das enerxías solar e eólica baixaron, respectivamente, un 94% e un 98%. Por poñer un exemplo, abondaría con cubrir con paneis solares o 2,5% da superficie do Sahara para fornecerlle ó mundo a totalidade de enerxía que este consome na actualidade (outubro de 2002).

3. SOBRE A CULPABILIZACIÓN QUE FAN OS ECOLOXISTAS Ó AFIRMAR QUE OS HUMANOS ESTÁN MATANDO O PLANETA, FACÉNDOO INVIVIBLE PARA AS PRÓXIMAS XERACIÓNS, LOMBORG NON FAI CONCESIÓNS

Lomborg sinala que afirmacións demagóxicas, terroríficas e estentóreas de tamaño calibre se deben a que a máquina de meter medo está moi rodada e vese moi engraxada por diferentes, múltiples e moi interesados engraxadores. En primeiro lugar, o profesor danés sinala, entre estes “asustadores” profesionais, ós científicos que se interesan sobre todo o que vai mal. O que en principio Lomborg di que non está mal, que é sabio e lexítimo, sempre que se faga co máximo rigor.

A continuación, veñen as organizacións ecoloxistas que substitúen ós científicos á hora de meter medo, e que moitas sacan grandes talladas coas súas enormes e pesimistas esaxeracións, cos seus excesos apocalípticos.

Poderíamos falar neste sentido do “mercado das catástrofes e das ameazas ecoloxistas”³, do efecto perverso e funcional deste tipo de estratexia ecoloxista. Pensemos que bastantes incendios son causados polos bombeiros, polos traballadores, polos diferentes axentes e grupos que queren seguir traballando neste campo, que sacan tallada de que haxa incendios, da súa denuncia, etc.

³ Como tamén do mercado da miseria, da pobreza, da caridade, da xustiza social, da solidariedade, etc., onde entran as igrexas e sectas varias, as ONG de onte e de hoxe, os vellos e os novos partidos políticos, as forzas e os movementos sociais e, dun tempo para acá, os medios de comunicación, as fundacións, as empresas, as multinacionais, os organismos internacionais, etcétera.

En efecto, como os grupos ecoloxistas, ambientalistas, etc. se ven subvencionados polo público –e o privado–, en moitos casos cargan as tintas, inventan catástrofes e novos problemas ecolóxicos, esaxeran moito os que hai para seguir gañándose a vida –e en bastantes casos gañándoa bastante ben–, traballando moito máis cómodos e alegres sen ter que loitar dura e arriscadamente no mercado, sen ter que xerar rendibilidades. Moitas veces inventan as catástrofes cunha grande esaxeración, pois en bastantes casos as súas propostas, iniciativas e alternativas poden resultar –resultaron– moi custosas, pagáronse moi caro en materia de desenvolvemento, de progreso humano.

Por último, outros dos que se apuntan ó catastrofismo –je de qué maneira!–, a asustar ó persoal cargando as tintas, os sons e as imaxes son os medios de comunicación, bastantes dos cales viven baixo o principio inmutable de que as malas noticias –e canto máis malas mellor– se venden infinitamente moito mellor cás boas.

4. SOBRE A FAME NO MUNDO

Lomborg di que ninguén nega o grave problema da fame. Pero o número de vítimas da fame está diminuindo. Segundo a ONU, a esperanza de vida do planeta pasou dos 30 ós 67 anos durante o século XX; a pobreza retrocedeu máis no curso do último medio século do que nos cinco séculos precedentes. Un paxaro de mal agoiro, Paul Ehrlich, ó que xa refutou claramente Simon, tivo a súa hora de gloria en 1968 ó anunciar no seu libro *A explosión demográfica* que, á luz do previsible aumento demográfico no mundo, a batalla pola alimentación da poboación mundial estaba perdida por adiantado. A fame, segundo Ehrlich, mataría centos de millóns de persoas a partir de 1970. Esta nova visión malthusiana foi completamente desmentida pola realidade social.

O combate contra a fame non está completamente gañado, especialmente en certas rexións africanas arrasadas polos conflitos, pola corrupción endémica. Sen embargo, as estatísticas da ONU mostran que, a escala planetaria, a situación mellora. E melloraríase moito máis se se loitase en serio e constantemente a escala local, rexional, nacional e internacional contra a corrupción, os totalitarismos, os fundamentalismos, as dictaduras, os autoritarismos, os populismos, os utopismos e outros extremismos perigosos que queren queimar etapas, fuxir cara a adiante. Na maioría dos casos aí están os feitos para confirmalo. Son moito peores os remedios que propoñen e que aplican cá enfermidade, cós grandes males que combaten ou din querer combater. Hai que loitar contra as democracias tramposas, amañadas, oligarquizadas, contra o corporativismo, o proteccionismo ou a globalización-aperturnismo-mercados amañados; contra o *nomenklaturismo*, o clientelismo, o malgasto, a dilapidación, a malversación; contra todo tipo de tráfico ilegais e de espacias, instancias e paraísos fiscais, branqueadores, mafiosos; contra calquera tipo de impunidades para os que violen os dereitos humanos, democráticos e cidadáns; contra o traballo, xogo, competencia, cooperación, crítica e representación, sucios, tram-

posos e indignos, levados a cabo por parte de gobernos, igrexas e organizacións relixiosas, oposicións, partidos, sindicatos, empresas, universidades, fundacións, ONG, organismos internacionais, medios de comunicación, intelectuais, movementos sociais, por axentes, líderes, grupos e forzas políticas, relixiosas, funcionariais, económicas, empresariais, comerciais, mediáticas, profesionais, sindicais, laborais, intelectuais, culturais e sociais varias.

Nos países en vías de desenvolvemento a ración alimentaria diaria pasou de 1.932 calorías no ano 1961 a 2.650 calorías no ano 1998, e estímase que será de 3.020 calorías no ano 2030. A verificación de que os recursos alimentarios medran máis rápido cá poboación, segundo Lomborg, reside no feito de que o prezo dos alimentos, calculados polo Banco Mundial, baixaron un 90% desde o ano 1800. No ano 2000, os prezos dos alimentos acadaron a cota máis baixa da historia.

O novo e prestixioso economista liberal catalán Xavier Sala-Martín⁴ realizou no ano 2002 un informe para o Institut d'Análisis Económica da Universidade Pompeu Fabra sobre “A pobreza no mundo en relación coa globalización”, que tivo un grande eco internacional⁵ e que confirma claramente o que defende Lomborg.

Neste importante e documentado informe Xavier Sala demostra con datos, con estatísticas, etcétera, sobre un estudio comparativo das economías de 125 países durante trinta anos, que as desigualdades no mundo diminuíron e que no ano 1998 había 400 millóns de pobres menos ca no ano 1970. Sala, ó igual ca Lomborg, sinalou que fixo este estudio porque os números sobre a pobreza no mundo nunca lle cadraban. Samuelson, no artigo seu que xa citamos, inclúe a seguinte e ampla cita do traballo de Sala: “*En los últimos veinte años las tasas de pobreza han disminuido considerablemente. El número global de personas en la categoría de renta real inferior a un dólar al día ha disminuido en 235 millones. El número por debajo de dos dólares al día disminuyó en 450 millones. Asia constituye un gran éxito, sobre todo después de 1980⁶. Latinoamérica redujo la pobreza considerablemente en la década de los años setenta, pero el progreso se detuvo en los años ochenta y noventa⁷. Los peores resultados se dieron en África, donde las tasas de pobreza han aumentado considerablemente. Calculamos nueve índices de desigualdad implicados por nuestra distribución de la renta mundial. Todos ellos muestran una reducción considerable de la desigualdad global entre la década de los ochenta y la de los noventa*”. Así acababa a longa cita de Samuelson do importante traballo do economista español Sala-Martín.

⁴ Doutor pola Universidade de Harvard, catedrático da Universidade de Columbia e catedrático visitante da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona. Autor dos libros: *Apuntes del crecimiento económico* (1994, 2000), *Economic Growth* (1995), *Economía liberal para no economistas y no liberales* (2002).

⁵ Foi citado polo prestixioso economista Paul A. Samuelson –premio Nobel de Economía de 1970 polos seus traballos para desenvolve-la economía estática e dinámica– no artigo deste autor que o Angeles Times Syndicate International distribúe periodicamente a numerosos medios de todo o mundo, e que en España publicou *El País* no seu suplemento económico dominical *Negocios* co equivoco título “Como la globalización fomenta y mitiga a la vez la desigualdad”, p. 21.

⁶ E especialmente despois de 1989, ano no que ten lugar unha moita maior apertura dos seus mercados ó mundo e, de forma especial, dos países máis grandes, máis poboados.

⁷ En América Latina a corrupción, o populismo e demagoxias varias seguen campando no poder e na oposición.

5. O GRAVE PROBLEMA DA CONTAMINACIÓN, DO ESGOTAMENTO DOS RECURSOS FORESTAIS, DA BIODIVERSIDADE, DO CLIMA, ETC.

En relación co problema da contaminación do ar, da auga, da xestión dos refugallo, da preservación dos bosques forestais, da biodiversidade, etc., Lomborg di que queda moito por facer, pero a situación non é tan mala nin tan negra como se nos di, como se nos presenta. As cousas non van tan mal nin cada vez peor, ata o punto de que a Terra avanzaría a pasos axigantados cara ó abismo, cara á súa destrución ecolóxica, ambiental.

Lomborg rexeita este tipo de catastrofismo, de sinistrose que non conduce máis ca ó fatalismo, á resignación, a sementa-la información, a comunicación de todo tipo de pánicos e a fomentar todo tipo de demagoxias, de fundamentalismos e extremismos, de utopismos moi perigosos.

O capítulo máis controvertido, o máis discutido, do libro de Lomborg é o do clima. Lomborg, en contra doutros analistas que contradín neste punto ós ecoloxistas, non nega o requeamento, o que rexeita é o alarmismo, a gravidade que se lle atribúe a este problema e, polo tanto, a necesidade de destinar moitos, escasos e necesarios medios económicos, científicos, tecnolóxicos, etc. ó problema climático, cando se poderían destinar a outros problemas moito máis urxentes.

Segundo Lomborg, a posta en práctica do Protocolo de Kioto (1997), aprobado no cumio das Nacións Unidas na dita cidade xaponesa para o cambio climático, e que lles fixa ás nacións desenvolvidas obxectivos cifrados de redución das emisións de gas con efecto de serra, sería moi caro, carísimo: ¡¡1 billón de dólares!! Gasto absolutamente desproporcionado para Lomborg, pois con el só se conseguirían uns resultados moi exiguos: unha ganancia de 0,15 graos sobre a temperatura media do globo, ¡pero para o ano 2100! Con este diñeiro poderíase fornecer auga potable ó mundo enteiro e salvar millóns de vidas.

Neste sentido, hai outros autores que van máis lonxe que Lomborg, como é o caso do francés André Fourcans⁸, que na súa obra (escrita en francés) *Efecto de serra, ¿a gran mentira?*, de setembro de 2002 –tamén é autor de *A globalización explicada á miña filla*, publicada no ano 2001–, é moi crítico cos ecoloxistas sobre este asunto.

Pola súa parte, o recoñecido economista liberal francés Guy Sorman na súa obra *O progreso e os seus inimigos* (2001) é moi crítico cos ecoloxistas, ós que acusa de “milenaristas verdes”, e especialmente cos militantes anti-OXM (Organismos Xeneticamente Modificados).

O xornalista científico Pierre Kohler na súa obra *A impostura verde* (setembro de 2002) denuncia unha “manipulación ecoloxista da opinión a escala planetaria”. Kohler analiza con datos as principais denuncias ecoloxistas, os principais casos e

⁸ Catedrático de Economía da Escola Superior de Ciencias Económicas e Comerciais de París (ESSEC), enxeñeiro, doutorado en *Business Administration* na Universidade de Indiana, MBA da Universidade de Illinois, membro do Consello Económico e Social de Francia, experto monetario da Comunidade Europea, etc.

“catástrofes” ecoloxistas que tiveron lugar nos últimos vinte anos: Seveso e a contaminación pola dioxina (presentouse, segundo este autor, como unha gran catástrofe e non provocou nin unha soa vítima); a contaminación con amianto; as chuvias ácidas; o problema do burato da capa de ozono, etc., e pon de manifesto as manipulacións que se veñen levando a cabo con eses casos. Kohler sinala que detrás das denuncias “ecoloxistas” están disimulados intereses económicos e políticos. Tamén sinala Kohler que a organización ecoloxista Greenpeace é unha das que cometeu importantes manipulacións.

En calquera caso, con grandes e pequenas manipulacións, as organizacións, os movementos ecoloxistas desenvolveron e seguen desenvolvendo un importante papel social. Este papel será tanto maior e tanto máis positivo na medida en que as súas denuncias sexan rigorosas, estean debidamente contrastadas e comprometidas coa verdade e as súas accións contribúan á resolución seria, imparcial e obxectiva dos problemas existentes no campo da ecoloxía e noutros campos vinculados con esta a fin de facer avanzar, de facer posible o desenvolvemento sostible, o progreso humano xusto, aberto, integrador, crítico desde o máximo rigor, creativo, democrático con principios, seguridade e garantías.

En internet multiplicáronse os sitios en favor e en contra de Lomborg. Tamén teñen a súa páxina web Simon, Sala-Martín, Guy Sorman, etc.